

NOTA DE PRENSA

Os biólogos de Galicia declaran que nestas datas pódense abordar nas zonas incendiadas tarefas urxentes para evitar a erosión que terá lugar no outono

Destacan que estas actuacións, caras e pouco efectivas, deben restrinxirse ás zonas de maior risco de erosión, pola súa alta pluviosidade ou polas súas elevadas pendentes

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- Ante a proximidade do remate da temporada de máximo perigo de incendios, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** reflexiona sobre a súa importancia. Consideran que a xestión forestal na comunidade debe contemplar sempre o elevado risco de lumes e planificar investimentos económicos en tarefas de prevención, co fin de ter un patrimonio biolóxico de maior calidade, máis diversificado, que xere máis postos de traballo e que sofra menos a praga de incendios de cada verán.

Dende o Colexio lamentan en particular a perda de vidas humanas deste verán, así como os enormes incendios que tiveron lugar na provincia de Ourense. Resaltan que estes lumes afectaron a ecosistemas de alto valor ecolóxico, tanto arborados como rasos. Nesta liña, afirman que nas valoracións oficiais destacáronse os efectos nas plantacións e nos ecosistemas arborados, minorando a importancia das matogueiras. Fronte a isto, “os biólogos consideramos que os sistemas arborados son importantes, pero non sempre teñen alto valor biolóxico ou ecolóxico, senón comercial; mentres que os ecosistemas arbustivos teñen un valor ecolóxico e de conservación de solos e de especies similar ou mesmo maior”.

A importancia dos arbustos

Os biólogos sinalan que a proba da importancia das matogueiras é que moitas das afectadas este ano polo lume aparecen en directivas europeas como *comunidades de interese comunitario*, o que mostra a súa alta calidade ecolóxica. Tamén se recollen en diferentes publicacións e listados que a Xunta de Galicia publica como *Lugares de Importancia Comunitaria*, incluídos nos espazos da Rede Natura.

Dende o COBGA apuntan que nestas datas pódense abordar nos ecosistemas incendiados tarefas urxentes para evitar a erosión que terá lugar no outono. “Cómpre sinalar que estas actuacións son caras e pouco efectivas e, ás veces, mesmo contraproducentes, e deben restrinxirse ás zonas de maior risco de erosión, ben pola súa alta pluviosidade como polas súas elevadas pendentes ou pola combinación destes dous factores”.

A restauración forestal: as plantacións de carballo e piñeiro son unha “combinación tan absurda como antinatural”

Os biólogos indican que o paso seguinte son as tarefas de restauración forestal, que “agardamos que se fagan sobre criterios sensatos”. Nesta liña, afirman que en anos anteriores leváronse a cabo labores de reforestación en áreas incendiadas queimando a vexetación natural rexenerada con glifosato e realizando un subsolado agresivo para logo plantar, nalgún caso, de xeito alternativo, plantas de carballo e de piñeiro, nunha “combinación tan absurda como antinatural”. Así, dende o COBGA afirman que a aplicación de glifosato é prexudicial para os organismos do solo e para os que viven nos cursos de auga próximos, polo que é un produto “absolutamente indesexable” na xestión forestal debido aos seus efectos ecolóxicos negativos.

Por outro lado, sinalan que o subsolado do solo forestal, en particular en pendente, é unha técnica destacada en moitos estudos científicos como causante dunha grave erosión, tanto física, como química e biolóxica do solo. “En lugar de axudar a consolidar e mellorar o solo incendiado, provoca a multiplicación das perdas de solo” -aseguran-. Ademais, afirman que as especies que se deben introducir nestas operacións de reforestación deben ser apropiadas a cada unha das zonas e deben primar as especies arbóreas e arbustivas autóctonas, o que implica unha serie de tarefas previas de preparación de material biolóxico, para que estea ben elixido dende o punto de vista ecolóxico e xenético. E apuntan que entre os criterios de restauración debe terse en conta o cambio climático.

A prevención de incendios mediante a regulación do combustible

Dende o COBGA propoñen unha serie de actuacións destinadas á prevención de incendios. Destacan en particular a prevención mediante a regulación do combustible. “Os ecosistemas de alto valor ecolóxico deben preservarse do lume porque poden presentar serias dificultades para recuperar a súa biodiversidade” -apuntan-. Nesta liña, consideran que a roza manual ou mecánica do monte debe aplicarse con frecuencia regulada a todos os espazos de risco. En xeral, resaltan que é importante crear mosaicos de ecosistemas con diferente estrutura e idade de cara a romper a continuidade do combustible e evitar así a propagación do lume.

Tamén recomentan empregar o pastoreo, usando razas autóctonas de gando, como maneira de control do combustible baixo. Ademais, poñen de manifesto que cómpre potenciar a diversificación da cuberta forestal, aumentando os bosques de especies caducifolias autóctonas, que son de baixa combustibilidade e poden xerar áreas arboradas de baixo risco de propagación.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es